

PREGO DE CLAÚSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE BARREIROS

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación.

O obxecto do contrato é a realización dos servizos de redacción do PXOM do Concello de Barreiros. O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 10 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación

A forma de adxudicación do contrato de servizos de redacción do PXOM será o procedemento aberto, de conformidade co establecido nos artigos 141 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 134.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e co establecido na cláusula novena do presente Prego.

CLÁUSULA TERCEIRA. Duración do Contrato.

A duración prevista do contrato de servizos será de 39 meses con efectos dende a sinatura do mesmo, e en todo caso ata a aprobación definitiva do mesmo ou resolución anticipada.

No tocante a duración do contrato, a realización dos traballos propios de asistencia técnica, obxecto do presente contrato sen computar os prazos de tramitación, desenvolverase nas seguintes fases e prazos máximos, a contar dende a data da sinatura do contrato:

- Documento de Información urbanística e diagnose, e Documento de Inicio para avaliación Ambiental: 7 meses
- Documento de plan para informe previo a aprobación inicial: 5 meses
- Documento para aprobación inicial e Informe de Sostenibilidade Ambiental: 6 meses
- Documento para aprobación provisional: 9 meses
- Documento para aprobación definitiva: 6 meses

Estes prazos o os fixados polo contratista no seu programa de traballo, respectando os prazos máximos, serán de obrigado cumprimento, sen prexuízo de que poidan ser obxecto de modificación por razóns xustificadas previa autorización do Concello.

A data oficial de comenzo dos traballos será a do día da sinatura do documento de formalización do contrato. O primeiro prazo será contado a partir da data oficial de comenzo dos traballos. O resto dos prazos computaranse dende o recibo polo contratista do expediente remitido polo Concello co resultado da tramitación administrativa da fase anterior.

CLÁUSULA CUARTA. Prezo do Contrato

O prezo do presente contrato ascende á contía de **CENTO SESENTA E OITO MIL EUROS (168.000 €)** sen IVE, DOUSCENTOS MIL EUROS (200.000 €) con IVE.

Entenderase que as ofertas dos licitadores comprenden tanto o prezo do contrato como o Imposto sobre o Valor Engadido e demais tributos que sexan de aplicación segundo as disposicións vixentes. A cantidade correspondente ó IVE figurará como partida independente.

CLÁUSULA QUINTA. Forma de pago e revisión de prezos

O pago do prezo do contrato distribuirase nas seguintes anualidades sempre e cando se cumpra a metodoloxía de traballo proposta e fases de execución

- Á firma do contrato: 20%
- Entrega do documento previo informe á aprobación inicial: 20%
- Entrega documento de aprobación inicial: 20%
- Entrega documento de aprobación provisional: 20%
- Entrega documento de aprobación definitiva: 20%

O pagamento farase previa presentación polo adxudicatario da correspondente factura que reunirá todos os requisitos esixidos polo RD 1496/2003 e a súa posterior aprobación polo órgano competente do concello.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da Aptitude para Contratar.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1. A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:

- a) A capacidade de obrar dos empresarios que foran persoas xurídicas, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa

lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

- c) Os demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar do artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, poderá realizarse:

- a) Mediante declaración responsable outorgada ante notario público ou organismo profesional cualificado.
- b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante una autoridade xudicial

3. A solvencia do empresario:

3.1 A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presenta-las contas en Rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres derradeiros exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocios.

3.2. A solvencia técnica dos empresarios acreditarase co cumprimento das seguintes esixencias:

3.2.1. Documento no que a empresa licitadora se comprometa a ter como Director do plan, con capacidade suficiente para representala en todo e canto afecte a este, a un especialista con titulación universitaria de 2º ou 3º ciclo, responsable da dirección do equipo redactor durante o tempo de redacción do plan. Deberá acreditarse a experiencia do Director do plan en proxectos de natureza análoga nos que participase. Aportarase a tal efecto certificación da administración detallada na que se exprese:

- Relación de traballos de urbanismo realizados e aprobados definitivamente, tanto a nivel individual como en equipo, diferenciando:
 - ✓ Figuras de planeamento xeral (plan xeral de ordenación, proxecto de ordenación do medio rural, normas subsidiarias, delimitacións de solo urbano).
 - ✓ Traballos de planeamento de desenvolvemento (plans parciais, plans de sectorización, plans especiais).
- Traballos de urbanismo en realización no intre da licitación.
- Outros traballos de urbanismo realizados: figuras non aprobadas definitivamente, outro tipo de figuras, etc.

Non se valorará a experiencia profesional, aínda que estea correctamente acreditada, naqueles casos en que o planeamento redactado fose anulado por sentenza xudicial firme ou suspendido pola administración competente.

A certificación acreditativa da experiencia do Director do plan deberá ser expedida por algún dos seguintes organismos:

- A administración que contratou.
- A administración competente para a aprobación do plan ou figura declarada.
- O colexio oficial correspondente.

3.2.2. De conformidade có disposto no artigo 84º da Lei 9/2002, a redacción do plan deberá ser realizada por un equipo multidisciplinar formado por un mínimo de tres especialistas con titulación universitaria de 2º ou 3º ciclos, dos que como mínimo, un deles terá que ser arquitecto ou enxeñeiro de camiños, canais e portos. Achegarase compromiso expreso de dedicación dos membros do equipo á realización dos traballos obxecto de licitación e curriculum detallado cos datos persoais, académicos e profesionais de cada un deles.

CLÁUSULA SÉPTIMA. Presentación de Proposicións e Documentación Administrativa

As ofertas presentaranse no Concello de Barreiros en horario de atención ao público, dentro do prazo de **quinze días naturais** contados a partires do día seguinte ó de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os interesados poderán pedir información adicional sobre os pregos e a documentación complementaria facilitada por medios informáticos que se facilitará no prazo máximo de 6 días antes da finalización do prazo de recepción de ofertas.

As proposicións poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibira a documentación, esta non será admitida.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en tres sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará consta-la denominación do sobre e a lenda : "Proposición para licitar á contratación de servizos de redacción do PXOM do Concello de Barreiros". A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre «A»: Documentación Administrativa.
- Sobre «B»: Proposición Económica.
- Sobre «C»: Documentación Técnica.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

SOBRE «A» DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

- a) Relación de todos os documentos incluídos neste sobre.
- b) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.
- c) Documentos que acrediten a representación.
 - ✓ Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación.
 - ✓ Se o licitador fora persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

- ✓ Igualmente a persoa con poder a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.
- d) Declaración responsable de non estaren incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público. Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuxo favor se vaia efectuar esta.
- e) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- f) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ó licitador.

SOBRE «B» PROPOSICIÓN ECONÓMICA

1. Proposición económica

Presentarase conforme ó seguinte modelo:

«D _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, N.º _____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____ decatado do expediente para a contratación mediante procedemento aberto do servizo de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Barreiros, anunciado no Boletín Oficial da Provincia N.º _____, de data _____, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ó contrato e o acepto integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ó Imposto sobre o Valor Engadido.

En _____ a ____ de _____ de 2009

Sinatura do licitador

ASDO _____

SOBRE «C» DOCUMENTACIÓN TÉCNICA

- a) Relación de todos os documentos incluídos neste sobre.
- b) Proposición técnica que se estruturará contando como mínimo con:
 - I. Plan de Realización dos traballos:

- 1) Memoria metodolóxica, cun máximo de 30 páxinas (por unha cara) na que se expoña o enfoque e metodoloxía que se utilizará nos traballos.
- 2) Calendario completo para a súa execución, compatible cos prazos de execución establecidos neste prego.

II. Organización e medios

- 1) Relación de medios técnicos, materiais e instalacións que o contratista destinará a execución de este contrato.
- 2) Descrición dos equipos de persoal que se destinarán a este contrato, así como a estrutura organizativa e técnica que se propoña.
- 3) Calquera outro documento que estime oportuno e teña relación co obxecto do contrato (outros traballos similares que se estean a desenvolver e a fase na que se encontren; grado de dedicación dos técnicos adscritos a este contrato; curriculum detallado de cada un deles....).

CLÁUSULA OITAVA. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os criterios de valoración para a adxudicación, que se recollen por orde decrecente de importancia, son os seguintes:

1.-Coñecemento da problemática do planeamento e situación urbanística vixente: (ata 60 puntos)

Valorarase neste apartado:

- O coñecemento da realidade territorial do Concello de Barreiros e a problemática da realidade urbanística vixente expresada na memoria metodolóxica e no seu caso, os criterios e alternativas a seguir para dar solución as súas deficiencias e erros cometidos, de acordo a lexislación en vigor. (ata 35 puntos)
- A experiencia directa do Director do Plan e do equipo redactor na elaboración de Plans Xerais de Ordenación Urbana baixo a vixencia da Lei 9/2002, que polo menos teñan acadada a fase de aprobación inicial (ata 15 puntos).
- A idoneidade e coherencia do calendario e do plan de realización dos traballos. (ata 10 puntos)

2.- Estructura organizativa, coherencia interna e medios materiais. (ata 35 puntos)

- Incorporación ó equipo redactor de técnicos responsables con título universitario de grado superior en Arquitectura, Ciencias do Medio Ambiente, Bioloxía, Dereito e titulacións de análoga natureza ás expresadas. (ata 15 puntos)
- Realización de cursos de formación en materias directamente relacionadas co obxecto do contrato. (ata 10 puntos)

- Experiencia docente no ámbito universitario ou en noutras entidades públicas ou privadas, en impartir materias directamente relacionadas co obxecto do contrato. (ata 5 puntos)
- Grado de dedicación dos técnicos responsables á execución do contrato, acreditada mediante declaración xurada de cada un deles. (ata 5 puntos).

3.- Rebaixa no tipo de licitación (ata 5 puntos).

CLÁUSULA NOVENA. Mesa de Contratación

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario-Interventor ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ó servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

CLÁUSULA DÉCIMA. Prerrogativas da Administración.

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 194 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) acorda-la resolución do contrato e determina-los efectos desta.

En todo caso darase audiencia ó contratista, debendo seguirse os trámites previstos no art. 195 da Lei 30/2007, de 30 de outubro.

CLÁUSULA UNDÉCIMA. Apertura de Proposicións e Adjudicación Provisional

A Mesa de Contratación constituirase ó día seguinte hábil trala finalización do prazo de presentación das proposicións, ás 12 horas. No caso de que algunha das proposicións se remitira por correo, este prazo ampliaráse ata o undécimo día hábil seguinte á finalización do prazo. Cualificará a documentación administrativa contida nos sobres «A».

Posteriormente, procederá á apertura e exame do sobre «B», podendo, nese intre, solicitar informes técnicos se o considera preciso.

Recibidos os informes, e reunida de novo a Mesa de contratación, realizará a correspondente proposta de adjudicación provisional ó órgano de contratación.

A adxudicación provisional do contrato deberá efectuarse no prazo máximo dun mes dende a apertura das proposicións; debendo notificarse a mesma aos licitadores. A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte ó Concello. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motiva-la súa decisión.

CLÁUSULA DECIMOSEGUNDA. Garantía Definitiva

Os que resulten adxudicatarios provisionais dos contratos deberán constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

- a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas lúas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes perante as que deban xurdir efectos, na forma e coas condicións cas normas de desenvolvemento desta Lei establezan.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.
- c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións cas normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non se devolverá ou cancelará ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 88 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA DECIMOTERCEIRA. Adxudicación Definitiva

A elevación a definitiva da adxudicación provisional non poderá producirse antes de que transcorran quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que se publique aquela no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Durante este prazo, o adxudicatario provisional deberá aporta-los documentos acreditativos de estar ó corrente coas súas obrigas tributarias e da Seguridade Social, de constituír a garantía definitiva, e

de abonar tódolos anuncios de licitación. Asemade, poderá esixirse motivadamente ó adxudicatario que acredite de novo a súa personalidade e capacidade para contratar.

A adxudicación provisional elevarase a definitiva dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel no que expire o prazo de quince días anterior, sempre que o adxudicatario presentara a documentación sinalada e constituíra a garantía definitiva.

Cando non proceda a adxudicación definitiva do contrato ó licitador que resultara adxudicatario provisional por non cumprir este as condicións necesarias para elo, antes de proceder a unha nova convocatoria o Concello poderá efectuar unha nova adxudicación provisional ó licitador ou licitadores seguintes a aquel, pala orde na que quedaran clasificadas as súas ofertas, sempre que elo fose posible e que o novo adxudicatario prestara a súa conformidade, en cuxo caso concederase a este un prazo de dez días hábiles para cumprimenta-lo sinalado anteriormente.

CLÁUSULA DECIMOCUARTA. A Formalización do Contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos dez días hábiles seguintes a contar dende a data da notificación da adxudicación definitiva; constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Cando por causas imputables ó contratista non puidera formalizarse o contrato, dentro do prazo indicado, o Concello poderá acorda-la resolución do mesmo, así como a incautación da garantía provisional que no seu caso se constituíra.

CLÁUSULA DECIMOQUINTA. Dereitos e Obrigas do Adxudicatario

O contrato executarase con suxeición ao establecido no seu clausulado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dera ao contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para o Concello ou para terceiros das omisións, erras, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Asemade son obrigas específicas do contratista as seguintes:

- O contratista está obrigado a adicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para elo (artigo 53.2 da Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público)
- Gastos esixibles ó contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio de licitación e adxudicación, da formalización do contrato, así como calquera outro que resulte de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.

- O contratista está obrigado ó cumprimento dos requisitos previstos no artigo 210 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público para os supostos de subcontratación.

CLÁUSULA DECIMOSEXTA Execución dos traballos

O contrato executarase de acordo ás cláusulas do mesmo e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dite ó contratista o Concello.

A data de comezo dos traballos será a do día seguinte ó da firma do documento de formalización do contrato. Antes da finalización do prazo e por mutuo acordo das partes, poderá prorrogarse o contrato nos termos sinalados no artigo 279 da LCSP.

O contratista está obrigado a presentar un programa de traballo que será aprobado polo órgano de contratación. Dito programa deberá presentarse no prazo de 15 días a contar dende a notificación da adxudicación definitiva do contrato.

O adxudicatario indicará os nomes das persoas adscritas á empresa que teñen previsto designar e que cumpran os requisitos que se esixirán no momento da súa aceptación polo Concello. O adxudicatario estará abrigado a asignar para a execución dos traballos a que se refire o presente Prego, ós facultativos que figuren na oferta, coa dedicación definida na mesma.

A execución do contrato realizarase polo contratista coas responsabilidades establecidas no artigo 281 da LCSP.

CLÁUSULA DECIMOSÉPTIMA. Supervisión e coordinación.

O concello designará como supervisor do servizo a un director dos traballos, que terá en todo caso unha titulación universitaria de grao superior quen dependerá orgánica e funcionalmente do órgano de contratación, con facultades de comprobación, coordinación e vixilancia da correcta execución do contrato e cantas mais lle asigne o Órgano de contratación dentro das súas competencias. A designación ou non do supervisor e o exercicio ou non polo mesmo das súas facultades non eximirá en ningún caso ó contratista da correcta execución do obxecto do contrato salvo que a deficiencia ou incorrección na execución sexa debida a unha orde ou instrucción directa do mesmo, con expresa reserva escrita feita polo contratista ó supervisor do servizo, con remisión de copia polo propio contratista ó órgano de contratación.

O supervisor poderá estar asistido por un máximo de dous técnicos que poderán exercer as facultades de aquel en materias propias dos seus coñecementos específicos (Enxeñería, Arquitectura ou Dereito).

CLÁUSULA DECIMOOITAVA. Prazo de Garantía

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de 6 meses dende a aprobación definitiva do PXOM.

CLÁUSULA DECIMONOVENA. Execución do Contrato

O contrato executarase coa suxeición ao establecido neste prego de condicións e no Prego de Prescricións Técnicas, e de acordo coas instrucións que se darán ao contratista para a súa interpretación polo órgano de contratación.

CLÁUSULA VIXESIMA. Modificación do Contrato

O Concello poderá modifica-lo contrato por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente. As modificacións non afectarán as condicións esenciais do contrato.

As modificacións do contrato formalizaranse de conformidade co establecido no artigo 140 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA VIXESIMOPRIMEIRA. Penalidades por Incumprimento

- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrera na demora respecto ao cumprimento do prazo total, o Concello poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades previstas no artigo 196.4 LCSP: de 0,20 € por cada 1.000 € do prezo do contrato.
- Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acorda-la continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.
- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumpra a execución parcial das prestacións definidas no contrato, o Concello poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.
- Cando o contratista incumpra a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para elo, imporanse penalidades en proporción á gravidade do incumprimento, en contía non superior ó 10% do orzamento do contrato.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato si se designara, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, cando no poidan deducirse das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA VIXESIMOSEGUNDA. Resolución do Contrato

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego e nos fixados nos artigos 206 e 284 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXESIMOTERCEIRA. Réxime Xurídico do Contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexerá polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña á Lei 30/2007; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativo será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,